



Concello do Vicedo

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

DON JOSÉ JESÚS NOVO MARTÍNEZ, ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DO VICEDO, PROVINCIA DE LUGO,

Sendo necesario proceder á selección e nomeamento con carácter interino dun administrativo, pertencente á escala de administración xeral, subescala administrativo, dentro do programa “Fomento do emprego do Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2022”, financiado pola Excma. Deputación Provincial de Lugo, e ao abeiro do artigo 10. 1 c) do Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público.

A natureza xurídica que se empregará será a recollida no artigo 10.1.c) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, que se denominará “funcionario interino por execución de programa de carácter temporal”, coa categoría de administrativo, pertencente á escala de administración xeral. A duración do nomeamento será como máximo de 12 meses, en todo caso, terá como data límite o 31 de outubro de 2023, coincidente coa vixencia do programa de “Fomento do emprego do plan provincial único de cooperación cos concellos 2022”, financiado pola Excma. Deputación Provincial de Lugo, ao abeiro das bases publicadas no BOP de Lugo de 10 de xaneiro de 2022.


Visto o art. 21.1 g) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local,

RESOLVO

1º.- Prestar aprobación ás bases polas que se rexerá o concurso – oposición para seleccionar e nomear un funcionario interino, coa categoría de administrativo, pertencente á escala de administración xeral, con cargo ó programa “Fomento do emprego do plan provincial único de cooperación cos concellos 2022”, financiado pola Excma. Deputación Provincial de Lugo, e ao abeiro do artigo 10. 1 c) do Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.

BASES DE SELECCIÓN PARA O NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO INTERINO DUN ADMINISTRATIVO, PERTENCENTE Á ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, Ó ABEIRO DO ARTIGO 10. 1 c) DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 5/2015, DE 30 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO, DENTRO DO PROGRAMA: “FOMENTO DO EMPREGO DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2022”, FINANCIADO POLA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, AO ABEIRO DAS BASES PUBLICADAS NO BOP DE LUGO DE 10 DE XANEIRO DE 2022.-

I.— Obxecto



O obxecto das presentes bases é proceder á selección e nomeamento con carácter interino dun administrativo, pertencente á escala de administración xeral, dentro do programa “Fomento do emprego do Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2022”, financiado pola Excma. Deputación Provincial de Lugo, e ao abeiro do artigo 10. 1 c) do Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.

A natureza xurídica que se empregará será a recollida no artigo 10.1.c) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, que se denominará “funcionario interino por execución de programa de carácter temporal”, coa categoría de administrativo, pertencente á escala de administración xeral. A duración do nomeamento será como máximo de 12 meses, en todo caso, terá como data límite o 31 de outubro de 2023, coincidente coa vixencia do programa de “Fomento do emprego do plan provincial único de cooperación cos concellos 2022”, financiado pola Excma. Deputación Provincial de Lugo.


II.—Funcións/tarefas e retribucións económicas

O aspirante seleccionado/a por medio da presente convocatoria estará suxeito/a, no desenvolvemento das funcións propias da súa categoría profesional, ás normas internas de funcionamento do Concello do Vicedo; tendo como funcións encomendadas as relacionadas co funcionamento administrativo dos servizos do concello, tales como redacción e arquivo de documentos, colaboración na tramitación de expedientes, apoio na contabilidade, etc., e as retribucións salariais serán as que corresponden a un grupo C1, C.D. 14.

III.—Condicións dos/as aspirantes

1. Para seren admitidos/as á realización das probas selectivas os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser español/a ou posuír a nacionalidade de calquera dos Estados membros da Unión Europea ou a dalgún dos Estados aos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as nos termos definidos no Tratado Constitutivo da Unión Europea, en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, todo isto nos termos do artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Ter cumpridos os 16 anos de idade, e non superar a idade máxima de xubilación.
- c) Estar en posesión do título de bacharelato ou técnico.
- d) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto ao que aspira, non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- e) Non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario/a do que estivese separado/a ou inhabilitado/a. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ser sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.



f) Non incorrer en causa de incapacidade ou incompatibilidade de acordo coa lexislación vixente.

g) Acreditar o coñecemento da lingua galega co obxecto de garantir os dereitos constitucionais e lingüísticos das persoas usuarias do servizo de conformidade co artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e a Disposición Adicional 2ª, apartado 2, da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014.

h) Estar en situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa (Base 11.1 do Plan único de cooperación cos concellos 2022, financiado pola Excma. Deputación Provincial de Lugo). O cal se acreditará mediante informe períodos de inscrición como demandante de emprego emitido polo Servizo Público de Emprego.

2. Todos os requisitos esixidos no apartado anterior deberán posuílos os/as aspirantes no día de remate do prazo para a presentación de solicitudes e conservalos, alomenos, ata a data do seu nomeamento como funcionario/a interino/a, no seu caso.

A persoa seleccionada tamén deberá acreditar, antes da dación de alta na seguridade social:

- Non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes ó posto de traballo convocado (aportar certificado médico ou certificado de aptitude expedido por mutua autorizada).

IV.—Presentación de solicitudes

1. As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas convocadas deberán facelo constar mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde do Concello do Vicedo. A instancia conterá, polo menos, os datos persoais do/a solicitante coa súa dirección e a denominación da praza convocada á que opta e farase constar, expresamente, que se reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na base terceira da convocatoria. (Anexo II).

Xunto coa instancia aportarase a documentación que o/a aspirante deseñe que sexa tida en conta no concurso, e conforme ao establecido nos apartados posteriores das presentes bases. Debendo acompañar en todo caso a seguinte documentación:

- DNI, ou no seu caso pasaporte.
- Titulación esixida.
- Declaración xurada de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias da praza a cubrir (Anexo IV).
- Certificado de Lingua Galega CELGA 4, superior ou equivalente, de conformidade coa Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga). No caso de non poder acreditar mediante certificación ou validación o coñecemento da lingua galega será necesario superar a proba establecida na base VI.



- Declaración xurada de non ser separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas por sentencia firme. (Anexo IV).
- Declaración xurada de non estar incuso/a en causa algunha de incompatibilidade, de conformidade coa lexislación vixente. (Anexo IV).
- Informe períodos de inscrición como demandante de emprego emitido polo Servizo Público de Emprego.
- Méritos que se alegan. (Anexo III) Non se valorarán os méritos que non se acrediten.

Toda a documentación deberá presentarse en orixinal ou copia compulsada.

Os/as solicitantes manifestarán que reúnen todos e cada un dos requisitos enumerados nestas bases referidos á data na que remate o prazo de presentación de instancias.

Se dentro do prazo indicado, agás casos de forza maior, o/a aspirante proposto non presentara toda a documentación ou da mesma se deducise que carece dalgún dos requisitos esixidos, non poderá ser nomeado/a, quedando anuladas tódalas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidera incorrer por falsidade na solicitude de participación.

2. O prazo para a presentación de solicitudes será de 8 días naturais a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP). Realizarase tamén publicación na sede electrónica do concello <https://concellodovicedo.sedelectronica.es> e no taboleiro de edictos da Corporación, así como na páxina web da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

3. A presentación de solicitudes poderá facerse ben no Rexistro Xeral do Concello do Vicedo ou ben en calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.


As solicitudes que se presenten a través da oficina de Correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo persoal funcionario de Correos de conformidade co artigo 31 do Real Decreto 1829/1999, de 3 de decembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regula a prestación dos servizos postais, en desenvolvemento do establecido na Lei 24/1998, de 13 de xullo, do Servizo Postal Universal e de Liberalización dos Servizos Postais.

No caso de presentar a solicitude nun lugar distinto ao Rexistro Xeral do Concello do Vicedo, o/a aspirante deberá remitir por fax, ao número 982590001 ou ben por correo electrónico (concello@concellodovicedo.org) unha copia da instancia co selo do Rexistro onde se presentou antes da finalización do prazo de presentación de instancias.

4. Os/as aspirantes quedan vinculados aos datos que fixeron constar na solicitude, se ben os errores de feito que poidan advertirse poderán subsanarse ou repararse en calquera momento ben de oficio, ben a instancia de parte.

V.—Admisión dos/as aspirantes

1. Rematado o prazo dos 8 días naturais fixado para a presentación de solicitudes, por resolución da Alcaldía acordarase a aprobación da lista provisional de admitidos/as e excluídos/as ao concurso - oposición, con especificación, no seu caso, dos motivos de exclusión, a cal se publicará no taboleiro de edictos deste Concello, na sede electrónica do concello <https://concellodovicedo.sedelectronica.es>



Cod. Validación: 5705EYA7MG8F73GRC1ST5SZQ | Corrección: https://concellodovicedo.sedelectronica.es/ Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona.esPúblico | Páxina 4 a 12

Na lista provisional farase indicación do día e da hora na que terá lugar a proba de selección e a valoración da fase de concurso; tamén se designará a composición do tribunal de selección.

De non existir persoas aspirantes excluídas, elevarase a definitiva a lista provisional na mesma resolución de aprobación.

2. Os/as aspirantes excluídos/as disporán dun prazo de 2 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do acordo, para poder subsanar ou emendar, no seu caso, o defecto que houbera motivado a exclusión. No suposto de producirse reclamacións deberá tomarse novo acordo estimándoas ou desestimándoas con publicación da lista definitiva no taboleiro de edictos e na sede electrónica do concello <https://concellodovicedo.sedelectronica.es>. No caso de non presentarse reclamacións polos/as aspirantes excluídos (de existir) a lista publicada terá carácter definitivo.

VI.—Sistema de selección

A selección realizarase mediante o sistema de concurso-oposición.

A.—FASE DE OPOSICIÓN: De carácter obligatorio e eliminatorio.

Consistirá na realización dunha proba teórica escrita, un suposto práctico e unha proba de coñecemento da lingua galega, esta última só para aqueles/as aspirantes que non acrediten no prazo de presentación de instancias o seu coñecemento.

PRIMEIRO EXERCICIO. De carácter obligatorio e eliminatorio. Consistirá no desenvolvemento, por escrito, de dous temas, elixidos por sorteo, entre os que figuran no anexo I ás presentes bases, sendo a puntuación máxima 10 puntos, outorgándose 5 puntos por cada tema desenvolvido correctamente, e sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 5 puntos para pasar ó exercicio práctico.

O tempo máximo de realización da proba será de cento vinte (120) minutos.

SEGUNDO EXERCICIO. De carácter obligatorio e eliminatorio.

Consistirá nun exercicio que permita valorar a aplicación dos coñecementos e capacidades dos aspirantes a un suposto concreto, así como coñecer as súas habilidades e destrezas. Esta proba práctica simulará un suposto que poida darse no desempeño do posto que se convoca e poderá consistir na realización material da mesma ou na indicación do itinerario a seguir (fases, trámites, solucións a problemas, tratamiento de textos, etc.), na realización da mesma, materializando ou sinalando algunha destas fases.

Para a cualificación do exercicio teranse en conta os coñecementos prácticos, habilidade e a corrección lingüística.

Este exercicio valorarase ata un máximo de 10 puntos, sendo a puntuación mínima para superalo 5 puntos, e pasar á fase de concurso.

TERCEIRO EXERCICIO. De carácter obligatorio e eliminatorio para aqueles/as aspirantes que non acrediten o coñecemento da lingua galega no prazo de presentación de instancias. Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento do idioma galego, coa tradución dun texto do castelán ao galego durante un tempo máximo de 30 minutos. O tribunal poderá establecer, ou non, a lectura pública do texto que será comunicado antes da realización do exame. A proba cualificarse de apto/a-non apto/a.

Estarán exentos/as da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten no prazo regulamentario de presentación de instancias, posuir o título do CELGA 4 ou equivalente homologado de acordo co grupo de titulación do posto, segundo o disposto na Orde do 16



Cod. Validación: 5705EYA7MG8F73GRC1ST5SZQ | Corrección: https://concellodovicedo.sedelectronica.es/ Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona.es|Páxina 5 a 12

de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega.

B.—FASE DE CONCURSO:

Valoraranse os méritos presentados polos/as aspirantes de conformidade co recollido nas presentes bases.

Aos efectos de valoración de méritos, precísase expresamente que non serán valorados os méritos non invocados, nin tampouco aqueles que, áinda sendo invocados, non sexan debidamente acreditados mediante documentos orixinais ou copia compulsada acreditativa daqueles no prazo de presentación de instancias polos/as solicitantes, sen que proceda requirimento de emenda posterior ao efecto, por parte da Administración.

Baremo Xeral de Méritos:

-Por experiencia en traballos iguais (ata un máximo de 5 puntos):

- Experiencia na realización de iguais traballos na administración pública, outorgarase a puntuación de 0,10 puntos por mes traballado.
- Experiencia na realización de iguais traballos na empresa privada, outorgarase a puntuación de 0,05 puntos por mes traballado.”

Os servizos prestados acreditaranse, acompañando á instancia para tomar parte no concurso, informe oficial da vida laboral actualizado máis copia compulsada do contrato de traballo no que consten as tarefas realizadas, e IAE (copia compulsada) no caso de traballadores/as autónomos/as. No caso de servizos prestados na Administración Pública, deberán presentar ademais certificado orixinal ou copia compulsada de servizos prestados expedido por dita Administración.


VII.—Tribunal Cualificador

O Tribunal cualificador do concurso - oposición terá a seguinte composición:

- Presidente/a: Pertencente á Administración Local, con carácter de persoal funcionario de carreira do Grupo A.
- Secretario/a: Secretario – Interventor do Concello ou funcionario no que delegue.
- Vogais: Tres membros pertencentes á Administración Local, con carácter de persoal funcionario.

1. O Tribunal de selección, nomeado pola Alcaldía, será colexiado e a súa composición nominal axustarase ao disposto no artigo 60 do Real Decreto 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e ao artigo 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia. Na designación de membros terase en conta a paridade entre homes e mulleres.

2. Poderán formar parte do Tribunal os funcionarios municipais ou de calquera outra administración local, con titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o posto convocado. Non poderán formar parte as persoas de elección ou designación política, os/as funcionarios/as interinos/as, o persoal laboral, ou persoal eventual e as persoas que nos 5 anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores/as.



3. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ningúén.

4. Todos os membros do tribunal terán voz e voto, incluído o Secretario/a.

5. O tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de persoas asesoras especialistas, con voz e sen voto, cando a natureza ou as circunstancias así o aconsellen, limitándose os mencionados asesores/as a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

6. Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, comunicándollo ao Alcalde, cando concorra neles algúna das circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Igualmente, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorra algúna das circunstancias a que se refire o parágrafo anterior.

VIII. Cualificacións finais e proposta do tribunal

1. Determinada a cualificación final dos/as aspirantes o Tribunal fará pública a relación de aprobados/as por orde de puntuación no Taboleiro de edictos e na sede electrónica do concello <https://concellodovicedo.sedelectronica.es>.

2. O Tribunal, en ningún caso, poderá propoñer o nomeamento dun número de aspirantes aprobados superior ao número de prazas ofertadas. Calquera proposta de nomeamento que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

3. No caso de empate nas puntuacións totais de dous ou máis aspirantes, este resloverase tendo en conta a maior puntuación obtida no primeiro exercicio e se isto non fora suficiente pola puntuación obtida nos sucesivos exercicios ata que o empate se resolva. De persistir o empate este resloverase mediante sorteо que se realizará en presenza dos interesados.

IX. Toma de posesión dos aspirantes propostos/as

Concluído o proceso selectivo e a proposta do tribunal cualificador, a Alcaldía ou a Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, acordarán a toma de posesión do/a aspirante proposto/a.


A proposta do tribunal cualificador terá carácter vinculante para a Alcaldía e para a Xunta de Goberno Local.

Se algún dos/as aspirantes non tomase posesión no prazo que se lle conceda, baseándose na relación de cualificacións finais descrita na Base VIII, a Alcaldía ou a Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, poderán acordar a toma de posesión do/a aspirante ou aspirantes seguintes con maior puntuación que se precisen respectando, en todo caso, a orde de puntuación recollida na citada relación.

A Alcaldía ou a Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, poderán igualmente fazer uso da facultade recollida no apartado anterior no suposto de que durante a vixencia da prestación de servizos algún dos traballadores/as cause baixa pola razón que sexa.

X. Incompatibilidade co cargo

O réxime de incompatibilidades será o previsto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas e o seu Regulamento.



XI. Protección de datos

De acordo coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, informase aos participantes nesta convocatoria que os seus datos persoais quedarán arquivados no departamento de Persoal deste Concello, coa única finalidade de ter en conta a súa candidatura para o posto ofertado.

XII. Carácter vinculante das bases

As bases desta convocatoria vinculan á administración municipal, ao tribunal cualificador e aos/ás aspirantes que participen no proceso selectivo.

XIII. Incidencias

O tribunal cualificador queda facultado para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbihdas e incidencias presente a súa aplicación, e poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

XIV. Réxime xurídico

Este proceso selectivo regularase polas presentes bases da convocatoria e, supletoriamente, no non previsto nelas, polo disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, a Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases de Réxime Local, o Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, sobre procedemento de selección na Administración local, o Decreto lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade e demás normativa concordante.

XV. Disposición final

As bases da convocatoria e cants actos administrativos se deriven delas e da actuación do tribunal cualificador poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Así mesmo, a administración municipal poderá, no seu caso, revisar as resolucións do tribunal, segundo o previsto na citada Lei 39/2015.

O Alcalde

Asdo. José Jesús Novo Martínez



Cod. Validación: 5705EYA7MG8F73GRC1ST5SZQ | Corrección: <https://concelloboicedo.sedelectronica.es/>
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona.esPúblico | Páxina 8 a 12

ANEXO I

Programa

Tema 1.- A Constitución Española de 1978. Estrutura e contido. Principios xerais. Os dereitos e deberes fundamentais dos españois.

Tema 2.- Protección dos dereitos fundamentais: o recurso de amparo.

Tema 3.- O acto administrativo: concepto, clases e elementos. A súa motivación e a súa notificación. Eficacia e validez dos actos administrativos.

Tema 4.- O procedemento administrativo. Significado. Principios xerais. Fases.

Tema 5.- A administración local. Entidades que comprende. Réxime local español. Principais leis reguladoras de réxime local.

Tema 6.- Órganos de governo municipais. O Alcalde: elección, deberes e atribucións. Os concelleiros.

Tema 7.- O Concello Pleno: integración e funcións. A Xunta de Goberno Local: integración e funcións.

Tema 8.- Ordenanzas e regulamentos das entidades locais. Procedementos de elaboración e aprobación.

Tema 9.- Os bens das entidades locais. Bens de dominio público. Bens patrimoniais.

Tema 10.- Facendas locais. Presuposto municipal. Recursos dos municipios.

Tema 11.- Fases de execución do gasto público local. As modificacións de crédito. Créditos extraordinarios e suplementos de créditos. Transferencias de crédito. Xeracións de crédito. Incorporación de remanentes.

Tema 12.- Contratos do sector público: obras, concesión de obras, concesión de servizos, subministro, servizos, mixtos.

Tema 13.- Contratos do sector público: competencia e normas específicas en materia de contratación nas entidades locais.

Tema 14.- Ingresos das entidades locais: enumeración. Os tributos locais: principios xerais e principios específicos.

Tema 15.- Enumeración e clasificación dos impostos municipais. Imposto sobre bens inmobilés: feito imponible, exencións, suxeitos pasivos e base imponible.



Cod. Validación: 5705EYA7MG6F73GRCLSTSZQ | Corrección: <https://concellobovedasedelectronica.es/>
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona.esPúblico | Páxina 9 a 12

ANEXO II

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN EN PROCESO SELECTIVO
SELECCIÓN DUN ADMINISTRIVO/-A DE ADMINISTRACIÓN XERAL

DENOMINACIÓN DA PRAZA OU POSTO DE TRABALLO:

ADMINISTRIVO/-A DE ADMINISTRACIÓN XERAL

CARÁCTER DA CONVOCATORIA:	FORMA DE PROVISIÓN:
FUNCIONARIO INTERINO	CONCURSO - OPOSICIÓN

DATOS DO SOLICITANTE:

Apelidos e nome:

DNI:

Endereço:

Endereço electrónico:

Teléfono:

Manifesto expresamente, e baixo a miña responsabilidade, que reúno todas e cada unha das condicións esixidas nas bases reguladoras deste proceso, que coñeo e acepto, SOLICITO a admisión para tomar parte na selección.

O Vicedo, de de 2022

(Sinatura)

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DO VICEDO



ANEXO III

RELACIÓN DE MÉRITOS QUE SE XUSTIFICAN E FORMA DE ACREDITACIÓN

DON/A

DNI nº

1.-

2.-

3.-

4.-

5.-

6.-

7.-

8.-


9.-

10.-

(...)

O Vicedo, de de 2022

(Sinatura)



ANEXO IV
DECLARACIÓN RESPONSABLE

DON..... con DNI nº e
endereço.....

DECLARO: Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que opto, e de non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas; no caso de ser nacional doutro Estado-, de non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin estar sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, non meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

O Vicedo, de de 2022

(Sinatura)

2º.- Convocar concurso oposición para seleccionar e nomear, con carácter interino, un administrativo, pertencente á escala de administración xeral, subescala administrativa, dentro do programa “Fomento do emprego do Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2022”, financiado pola Excma. Deputación Provincial de Lugo, e ao abeiro do artigo 10. 1 c) do Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público.

3º.- Ordenar a publicación da convocatoria e das bases para seleccionar e nomear como funcionario interino, un administrativo, pertencente á escala de administración xeral, subescala administrativa, dentro do programa “Fomento do emprego do Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2022”, financiado pola Excma. Deputación Provincial de Lugo, e ao abeiro do artigo 10. 1 c) do Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, mediante concurso – oposición, no BOP de Lugo, no taboleiro de edictos da corporación, na sede electrónica do concello: <https://concellodovicedo.sedelectronica.es> e na páxina web da Excma. Deputación Provincial de Lugo, así como a realización dos trámites necesarios para levar a cabo a cobertura do posto convocado.

Mándao e asínao o Sr. Alcalde – Presidente; no Vicedo a dezanove de outubro de dous mil vinte e dous

O Alcalde

Ante min,
O Secretario

